

culturagalega.org

---

# **BOROBÓ, UN ACHEGAMENTO**

Autor. **Xabier Baltar Toxo**

Este texto é parte do libro "Homenaxe a Borobó" (Edicións do Castro, 2003).  
Culturagalega.org quere agradecer a Xoán Guitián, editor do libro, e ao autor deste  
texto o permiso para a reprodución deste documento.

---

Distribuido por culturagalega.org

Consello da Cultura Galega. ([www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org))

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704. Santiago de Compostela (Galicia)

Contacto: Tfno: + 34 981 569 020. Fax: + 34 981 569 020. E-mail: [redaccion@culturagalega.org](mailto:redaccion@culturagalega.org)

## Borobó: un achegamento

XABIER BALTAR TOXO  
Boroboadicto

**R**aimundo García Domínguez nace o 10 de xullo de 1916 en Pontecesures, e moi pronto vai manifestar o seu destino de escritor, como logo se verá. Vaise converter nunha nova estrela desa sorprendente constelación literaria que xorde nun círculo cun radio de vintecinco quilómetros, co centro na desembocadura do Ulla, nun punto entre Catoira e a Illa de Cortegada. Podería ser nesta illa, que ao estar deshabitada non lle dá preferencia a ninguén, no que compriría situar o centro da que penso que se podería chamar, a “Constelación Literaria de Cortegada” ou abreviadamente “Constelación de Cortegada”. Alternativamente podería ser “Constelación de Arousa” tendo en conta que a Pontecesures e Padrón chegan as mareas da ría, e que “Arousa” é máis universal e sona mellor. Paréceme que ésta última sería máis axeitada. Que o pensen os tratadistas. A partir daqui chamareille a Constelación.

No círculo dela están, facendo só unha lista dos máis coñecidos e xa desaparecidos : o Rianxo de Paio Gómez Chariño, Castelao, Eduardo e Rafael Dieste, Manuel Antonio e Rey Romero. A Vilanova de Arousa de Valle Inclán, e Francisco e Xulio Camba. O Cambados de Cabanillas. O Barro (Caldas) de Amor Ruibal. O Padrón de Rosalía e Cela. E outros moitos máis que poderíamos incluír, pero por non alargar permitan que cite ao menos os padroneses Ramón Rey Baltar e Octavio Sanmartín. A Blanco Torres, de Cuntis. E ao poeta de Catoira, Baldomero Isorna.

E retrocedendo na historia incluír a dous personaxes singulares : D. Diego Cernadas, “O cura de Fruíme” (Lousame, non lonxe de Rianxo, camiño de Noia) nacido en Santiago pero que exerceu toda a súa vida no corazón do Barbanza, no s. XVIII. Poeta en galego e ilustrado polígrafo, loitador por reivindicar melloras para Galicia dende unha aldea que aínda agora non ten quince casas . E D. Domingo Fontán, de Porta do Conde, perto de Caldas : s.XIX, matemático, xeógrafo, astrónomo, profesor, deputado e polifacético publicista, que ademais de facer o seu asombroso mapa (dezaseis anos tomando milleiros de datos por todos os montes e lugares de Galicia.) alcanzou as maiores dignidades académicas e profesionais e publicou traballos en infinidade de revistas e estudos da máis variada condición, incluíndo trazados de ferrocarrís e estradas por toda Galicia.

Destacar que dos seis galegos que repousan no Panteón de Galegos Ilustres (Rosalía, Castelao, Cabanillas, Asorey, Fontán e Brañas ) soamente Brañas non é da zona da Constelación, xa que o escultor Asorey tamén naceu nela, en Cambados.

Pois entre todos estes nomes ilustres da Constelación, e afortunadamente na “Sección : Vivos” temos que situar a Raimundo García Domínguez (“Mundo” en familia). Tamén coñecido polo seu principal pseudónimo : “Borobó”.

¿Pero quen é Borobó ? Partindo da base de que eu son un borobóadicto o que me pode facer perder as luces ,vexo que a resposta non é fácil. Tomando un contrasentido xeométrico, podería ser unha esfera-poliédrica. Pero non porque él sexa contradictorio, senón porque tendo as moitas facianas de un poliedro ao final resulta que é unha esfera, símbolo da perfección dos que tendo tres dimensións son de unha sola peza.

Sempre son o mesmo, mírense por onde se miren: infatigable literato e xornalista, comediógrafo non estreado. Magnífico escritor, xa que utiliza unha linguaxe culta, pero que se lé de corrido e sen vacilacións de interpretación, cousa moi difícil de conseguir (somentes os grandes mestres fan asequible o complicado). Practicante con frecuencia do realismo máxico, antes que se inventase ese nome. Propulsor de prensa cultural e novos escritores. Crente político que segue no seu sitio pero que non sabe onde foron parar os seus. Quixote e Sancho, simultaneamente. Que sente vergoña por non ter sido fusilado ao final da guerra, despois de tantos como caeron.

Memoria prodixiosa do século XX, tan importante polo que di como polo que cala. Incapaz para o sectarismo. Carente do sentido do rencor, parece que para el non hai máis que o lado positivo da xente. Autocalificado de cortiza que flota no mar, supoño que podería aceptar aquela definición, algo escéptica, que di que a vida son todas aquelas cousas que nos van pasando mentres tentamos de facer outras. Moi culto, racionalista e descrido, pero que non sae da casa se non leva dúas castañas, reforzadas cunha histórica cuncha de berberecho na solapa.

Tenta de pasar desapercibido, escapa da vaidade, e non lle importa asinar cos máis diversos pseudónimos, ademais de Borobó: Sargento Leví (na revista “Estímulo” no Exército Popular), Julio Sierra, Raimundo Lozano, Don Gallego, ... e chega incluso ter dous “heterónimos”. Son unha especie de “alter ego”. O primeiro é “ Don Ánxelo Novo, ex Conde de Grovas, troskista e funcionario depurado de Estadística”. Foi precisamente a esta outra persoa, a quen lle pediu por compromiso, nun tempo problemático, que fixese a sección “El Callejón del Gato”, no periódico “Arriba”, colaborando co seu fraternal amigo Blanco Tobío. E D. Ánxelo Novo, que mantén intacta a xenerosidade e categoría propias da súa vella alcurnia, non tivo inconveniente en facerlle o favor. Os amigos son para cando hai que botar unha man. O segundo heterónimo é Uriel, que tamén ten vida propia. Uriel é xordomudo e marxistólogo. Explica a teoría marxista por señas. Chegou a facerlle entrevistas a Borobó, non sen certas dificultades deste para entendela.

Borobó foxe dos triunfos, xa que recoñece que está atacado do complexo de Polícrates, o que Rof Carballo lle atribuíu a Rosalía: pesimismo establecido que coida mesmo que os éxitos acaban seguidos de fracasos,

incluso os provocan. Foi o que lle aconteceu a Polícrates, tirano de Samos, quen tentou de agradar ás divinidades botándolles un valioso anel ao mar, e as divinidades devolvéronllo dentro dun peixe. Parece que foi o sinal da caída. De todopoderoso gobernante e riquísimo dono dos mares, pasou a ser vencido e crucificado pola xente do persa Darío.

Pero ese complexo non se trasloce en Borobó, xa que o que predomina en el é unha actitude moi positiva na vida e o gran sentido do humor, que como é sabido ten relación directa coa intelixencia. De ter unha faceta pesimista en todo caso non sería manifesta e innata, senón gardada na intimidade e adquirida no tempo, dados o seu saber e experiencia. Lembremos que “un pesimista é un optimista informado”.

¿De onde xorde o personaxe? Xa dixemos que xeograficamente é de Pontecesures (“Borobogrado” segundo a infatigable imaxinación de D. Pedro Martul) pero esto non é máis que un elemento para explicar a unha persoa tan singular. De momento xa se situa no ámbito da Constelación, o que ten a súa importancia. O seu entorno familiar é tamén fundamental e ademais todo el movéndose na mesma demarcación: Caldas, Cuntis, Moraña, Padrón, Rianxo. E logo a súa casa de Trevonzos. ¿Pode haber alguén máis inmerso na carga positiva da zona?

## AS ORIXES CAMERANAS.

A única parte das súas orixes que non é da comarca vén dun dos movementos migratorios que máis lle aportou a Galicia: os Cameranos, que viñeron da serra de Logroño (Ortigosa de Cameros, Torrecilla de Cameros...) para establecer comercios, industrias, bancos, transportes, etc. dándolle un enorme impulso a Galicia e a outras zonas do país. Asunto que algún día terá que dar investigacións e mesmo teses doutorais, moi concretamente no que toca a Galicia.. De aí veñen os almacéns e banca de Simeón García, Olimpio Pérez, os Saenz Díez, Martínez Saenz, Torres e Saez, os Navarrete, García de la Riva, Martínez de la Riva, Sieyro de la Riva (nosa avoa materna) Pérez de la Riva e Pérez Artime de Padrón. A banca Riva e García, os Rubio e Almacéns Iregua (Cataluña), o discutido Ruiz Mateos e o pai do “andaluz universal” Juan Ramón Jiménez en Andalucía, e tantos e tantos ilustres próceres. E posiblemente o movemento máis importante de inmigración positiva a Galicia, de empresarios cultos e con frecuencia mecenas, seguido pola dos conserveiros cataláns que veñen poñer fábricas (Massó, Curbera,...), os maragatos da zona de Astorga (Carro, Carrero, Botas,...) e o dos curtidores vasco-franceses (Harguindey, Gigirey, Juanatey...). Tamén hai unha inmigración de dignidades eclesiásticas navarras (Tafall, Cadarso,...). Segundo lle escoitei a Borobó, estas inmigracións explican en parte que a burguesía galega falase castelán, xa que viñan de fóra. Todos eles, son movementos por estudar axeitadamente.

Unha explicación do éxito dos cameranos por todo o país, escoitada por Borobó a D. Segundo García de la Riva (importante almacenista santiagués, impulsor do Hotel Compostela entre outras empresas), foi a de que en Cameros se preocupaban de ter os mellores mestres. Ían buscar os de máis sona, por lonxe que estivesen, para fichalos, como hoxe se fai cos centíficos en USA e ... os futbolistas en España. Ademais de poñer a escola habitual tiñan que ensinarlle contabilidade aos nenos. Xunto ás teses sobre os cameranos en Galicia haberían outras, tomadas do seu modelo, sobre o valor do ensino de calidade e o esforzo persoal, cando parece que son valores en decadencia. O verdadeiro activo que tiñan os cameranos para triunfar no resto do país eran a formación xeral e contable e o espírito de esforzo e traballo.

E o pai de Borobó, D. Víctor García Lozano, excelente e moi prestixioso médico de Pontecesures, era fillo de camerano.

## A FAMILIA DE BOROBÓ

Imos facer un rastreo máis completo da familia de Raimundo García Domínguez, empezando por seus avós, xa que eso facilita para situar o personaxe.

Por parte de seu pai, o seu avó era D. Matías García Lozano, de Ortigosa de Cameros, curmán de D. Simeón García (da banca e almacéns Simeón). D Matías estableceuse en Pontecesures como almacenista maiorista de cereais. Hai que destacar a condición comercial e industrial de Pontecesures, moi diferente da de Padrón, a pesares de que a separación é somentes de dous km. As dúas teñen ferrocarril dende os primeiros tempos (liña Carril-Santiago, a segunda despois da de Barcelona-Mataró) pero Pontecesures ten ademais porto fluvial, navegable para barcos de certo porte. E un espírito moito máis mercantil.

D. Matías tiña un almacén importante e incluso dous galeóns, un deles o "Tomás Lozano", que enlazaban en Vilagarcía con barcos máis grandes e que facían transporte por toda a costa.. Os galeóns eran barcos de carga, de madeira e a vela, moi típicos das rías, duns quince a dezaoto metros de eslora, panzudos e de pouco calado, que podían subir polo Ulla. Ata os anos de 1960 aínda quedaba algún en servizo, xa con motor auxiliar incluído, levando cargas por toda Galicia e incluso o Cantábrico.

D. Matías casou con Dna. Dolores García Pertierra García, por tanto avoa paterna de Borobó. Nacida en Betanzos, de orixe asturiana. Seu pai, D. Xosé María García Pertierra, funcionário da Facenda, estivera destinado nas Aduanas en Cesures (o ter aduana dá idea da importancia do porto fluvial). Logo estivo na Subdelegación de Facenda en Santiago. Tiña moitas cualidades artísticas . En Santiago foi profesor de debuxo e moldeaba

Nacementos de miga. Chegou a facer un Calvario de marfil, con moitas figuras, e incluso as cordas e os látigos en marfil.

D. Matías e Dna. Dolores tiveron dezasete fillos que en principio se chamaban García García. Logo algún deles engadeu o Lozano. Algún morreu de neno e dous adultos faleceron trágicamente : Eduardo, futuro pintor, afogou no río o día da voda da irmá maior, Antonia, que casaba con D. Gonzalo Pintos Reino, xuíz, que logo foi Presidente de varias Audiencias. E Severino, ao que indo a A Estrada en coche de cabalos se lle disparou unha escopeta por accidente. Entre os máis pequenos estaban Paulina nacida en 1878 e Víctor en 1886, o pai de Borobó. Paulina foi bautizada polos veciños de Trevonzos como a “sigleira” xa que chegou a vivir cento oito anos moi lúcidos. Recordaba de memoria poemas de Rosalía, morta cando ela tiña sete anos, e que seu pai D. Matías, aquel culto camerano lles enseñaba a recitar aos fillos. Paulina, de trece anos foi a última persoa en despedir a Rosalía na estación de Padrón, cando a trasladaron ao Panteón de San Domingos. Foi asistir á cerimonia e atopou o cadaleito só, cargado nun vagón. Paulina fíxolle compañía rezándolle .Recordába, pasados os seus cen anos, coidando que aquilo tivera que confortala. Borobó fixo, sobor da entrañable escena, un Anaco en 1982 .

Por parte da nai, os avós de Borobó eran : D. Elisardo Domínguez Rozados (ou Rosados) de Cequeril, en Cuntis. Tiñan orixe en familia de canteiros, de tradición na zona, como os Liste (uns deles foron a Calo que é a rama da que saíu o xeneral Lister, propiamente Liste). Tamén eran de Cequeril os Ruza, logo un deles destacado pediatra en Santiago. D. Elisardo fixo unha certa fortuna en Uruguay e volveu para instalarse en Caldas de Reis. Mercou as termas de Acuña, entó un sótano e unha planta cos baños. Fixo un Hotel, dándolle alturas. Está sobor do río, xunto á ponte. Segue operativo dende aquela, nas mans da familia .

D. Elisardo casou en 1887 con Dna. Manuela Sierra Novo, avoa materna de Borobó. Era de Pontecesures, filla de D. Xosé Sierra e de Dna. Jesusa Novo Failde, que enviuvou moi pronto e pasou a ser muller-empresaria, posiblemente do negocio máis importante de Pontecesures na época. Coñecido por “La Viúda”. Seu irmán Manuel Novo, socio de Antonio Sierra Prieto, tiña outra empresa similar : “Novo y Sierra”. Tanto “La Viuda” como “Novo y Sierra” adicábanse ao comercio de ultramarinos e coloniais en grande escala, principalmente con América. Os Sierra viñan de Santa Eulalia de Oscos, Asturias lindando con Galicia. Os Novo procedían de Moraña e eran coñecidos como “Os Ferrancheiros”, pois tiñan un negocio de ferros e ferretería en Padrón, ademais dos almacéns de Pontecesures. Dna. Jesusa tivo cinco fillas e un fillo. Hai noticias de dúas boas pianistas entre as fillas: a maior Josefa e a terceira Manuela. Parece que esta virtude de Manuela foi definitiva para cautivar a D. Elisardo.

D. Elisardo e Dna. Manuela, os avós maternos de Borobó, establecéronse en Caldas, no Hotel-Balneario, chegando D. Elisardo a ser un destacado home de negocios. Tiña ferretería e unha banca local. Cando se montou a azucarera de Portas entrou en relación cun técnico alemán o que o levou a

establecer negocios con Alemania e ser consignatario de buques dunha compañía xermana. Parece que a política e a I Guerra Mundial déronlle un revés aos negocios. Tiveron trece fillos entre 1888 e 1905, dos que once chegaron a adultos. Por circunstancias familiares coñecín a varios deles. Aos dous primeiros varóns, Xosé e Elisardo, mandáronos a estudar enxeñería a Alemania, o que foi decisivo nas súas vidas. Adicouse D. Xosé a negocios de importación-exportación e Elisardo a tecnoloxía das azucreiras, chegando a dirixir as máis importantes de España. Tamén un dos menores, D. Carlos Domínguez Sierra (sogro de meu irmán Rafael) por quen tiveron especial admiración e afecto, foi moi esperto na Bolsa, nos negocios de importación de Alemania e outros países e subministrados de equipos ás azucreiras. Quedou co Hotel-Balneario, que hoxe é dos seus fillos, os irmáns Domínguez Pereira. A máis nova das irmás de D. Carlos, M<sup>a</sup> Teresa, casou con D. Salvador Sierra Domínguez, notable industrial cesureño, curmán de meu pai. Son varias máis as relacións entre as nosas familias.

A segunda das fillas, quinta do total dos trece fillos, foi Dolores Domínguez Sierra (1894) que casou o 1 de outubro de 1915 co cesureño D. Víctor García García, que logo engadiría o Lozano, para ser coñecido como D. Víctor García Lozano. E estes son os pais de Raimundo García Domínguez, “Borobó”, que foi o primeiro dos oito fillos do ilustre médico cesureño D. Víctor García Lozano e Dna. Lola Domínguez Sierra.

## DON VÍCTOR , O PAI DE BOROBÓ

Temos así situados os avós e pais, e algún outro familiar, de Borobó. Centrémonos agora no pai, D. Víctor . Naceu en Pontecesures o 6 de marzo de 1886, cinco semanas despois que Castelao, con quen coincidiría estudiando medicina en Santiago, aínda que en cursos diferentes. Logo volverían a continuar a relación en Pontecesures, na Cerámica Celta. D. Víctor acaba a carreira en 1911 coas mellores calificacións.

Se Castelao dixo que “se fixera médico por amor a seu pai e non exercía por amor á humanidade”, D. Víctor entendeu que o seu “amor á humanidade” íase manifestar xustamente exercendo a medicina. E precisamente en Pontecesures, rexeitando diversas ofertas de ir a capitais de sona, facendo daquela o máis difícil da profesión : a medicina primaria, asistindo no nacer, vivir e morrer aos seus veciños de sempre.

Meu avó, Ánxel Baltar Cortés, de Padrón (1868), e meu pai, Ramón Baltar Domínguez (1902) os dous cirurxáns do Hospital Real de Santiago, coincidiron con D. Víctor, que cronoloxicamente estaba entremedias e cónstame que tiñan del o máis alto concepto persoal e profesional . Acórdome de meu pai parando en Pontecesures para saudar a D. Víctor, supoño que con frecuencia para falar de algún enfermo hospitalizado ou operado. Facía del os maiores eloxios, decindo que os enfermos que viñan

de D. Víctor estaban perfectamente diagnosticados e tratados. Os enfermos levaban sempre un informe escrito coa opinión de D. Víctor, emitida sen máis apoio que o seu saber, un termómetro, o pulso e un fonendoscopio. Logo en Santiago, os Raios X, as análises, a opinión de especialistas, confirmaban o informe de D. Víctor.

Como eu non son médico e por tanto non tiña tanta relación co meu pai nesas materias pregunteille a meu irmán Fernando, traumatólogo, dos seus recordos e confirmou os meus pero ampliados : D. Víctor era un médico prestixiosísimo do máximo nivel profesional e persoal. Facía diagnósticos de sorprendente precisión e era persoa respetadísima tanto polos enfermos como polos colegas que tiñan relación con él. A mesma opinión me transmitiu Augusto Villanueva, ilustre médico clínico, xa que cando el empezaba a profesión era constante a relación profesional e persoal de D. Víctor con D. Ulpiano, o seu pai, clínico da máxima sona en Galicia. Augusto transmitíume exactamente a mesma enorme consideración para D. Víctor, como profesional e como persoa, merecedor dos máximos eloxios. E lembroume cómo as relacións e sintonía persoal aumentaran cando D. Ulpiano e meu pai foran encarcerados, xa despois da Guerra Civil, xunto con Otero o rexistrador, e os vigueses D. Dario Álvarez Blázquez e o letrado Pastoriza. Estaban acusados de ser membros do “Socorro Roxo”( unha organización clandestina de axuda aos perseguidos da guerra, as viúvas, os orfos,...). Con estas acusacións e encarceramento moitos “amigos” desapareceron e outros aumentaron a aproximación. D. Víctor deixou moi claro cal era o seu sitio e con quen estaba.

D. Víctor era médico de Asistencia Pública Domiciliaria (APD) e levaba Cesures, Valga e algún enclave de Padrón. Coñecido entre as xentes modestas da comarca por D. Vitre ou D. Vitri. Atendía de todo: enfermidades, accidentes, partos... nada quedaba excluído. Pola mañá consultaba primeiro e logo facía visitas. Pola tarde estaba na casa agardando os avisos de accidentes, urxencias, nacementos, etc. que o requerían de seguido e entre tanto lía e modelaba cerámica.

Cesures é pequeno, pero Valga é moi extenso e accidentado. Ata 1925 facía os percorridos a cabalo (Bombita - Cuco). Non había máis que corredeiras, cando as había. Logo mercou unha bicicleta, das primeiras, máis fácil de atender que o cabalo. Pedaleaba sen forzar, distinguíase de lonxe a súa figura ,e tíñao claro: as costas sóbense a pé. Soamente xa pasados os tempos utilizaba o único coche que se alugaba en Pontecesures, o de “Chora chora” chamado así polos seus lamentos.

Pero D. Víctor era máis que un gran médico de corpos e almas: era consultado en toda clase de problemas das xentes e familias como a persoa máis considerada para pedirlle opinión, fora do que fora. Herdanzas, leiras, servicio militar, escola, emigración, casamentos, ...de todo. Cando había honorarios eran mínimos e moitas veces deixaba unha axuda. (Reflexión: hai estudos de caciques manipuladores de comarcas galegas pero está por facer a historia dos persoeiros que tendo prestixio e “auctóritas” nunha zona, tanto ben fixeron axudando a todos. D. Víctor podería

ser tomado como modelo. E tamén para estudar outro fenómeno: ¿a que pode chegar a barbarie para que unha persoa así se sentise en perigo e tivera as veces que dormir fóra da casa na Guerra Civil e anos seguintes ?)

Pero ademais D. Víctor García Lozano era un gran animador e impulsor da vida deportiva, cultural e ata económica (sen beneficios para el) de Cesures. Presidente do Casino onde tiña a base para facer toda clase de actos festivos, ademais chegou a orgaizar corridas de touros, indo a Salamanca e Madrid a contratar touros e lidiadores. Montou un cine con outros socios, que lles daba perdas. Levou concertos importantes (Manolo Quiroga). Presidente do Padroado da Biblioteca á que lle deu os seus libros non médicos e a colección enteira da “Esfera”. Impulsor da feira do gando. Tesoureiro do club de fútbol. Cando novo era tamén o árbitro, co seu irmán Luciano como xuíz de liña. Condecorado por salvar a un neno de afogar no río. Foi promotor das famosas “Ferias del Automovil de Ocasión de Cesures”, as primeiras de España. En Santiago fora membro da Tuna e actor das escenas que se representaban daquela. Logo en Cesures era o director do teatro e organizaba representacións de afeccionados que el dirixía, e levou compañías profesionais de categoría.

Pero a súa vena artística verdadeira, herdada de seu avó materno que debuxaba, modelaba e traballaba o marfil, foi a de deseñador e modelador na “Cerámica Celta” de Ramón Diéguez Carlés, chamada polos cesureños “La Calera”. Dende o primeiro momento colaborou nela, xunto con Castelao, Asorey, Maside, Sobrino, etc. Incluso hai base sólida para afirmar que o famoso cabuxo atribuído a Castelao é en realidade de D. Víctor: Borobó e outros fillos dan testemuña de que llo viron facer no almacén en que modelaba. Pero D. Víctor nunca asinou os seus deseños nin cunha modesta “V”.

A parada de visita a D. Víctor en Pontecesures era frecuente por parte da intelectualidade e xentes notables de Galicia cando pasaban por alí.

Dña. Lola, a muller era o perfecto complemento de D. Víctor, criando os oito fillos, mestra de fogóns e especialista en preparar lampreas, das que chegaba a facer conservas. Levábaas a enlatar a un follalateiro. ¿Quen terá as fórmulas?. Estaba de garda médica permanente, xa que era a que recollía os avisos, que deixaba en notiñas a D. Víctor. Coñecía a todas as familias, e os parentescos e relacións das xentes da demarcación. Prodixiosa memoria e cualidade, que lle transmitiu a Borobó, que tamén sorprende establecendo as relacións entre persoas.

O 6 de agosto de 1961, cando tiña setenta e cinco anos, D. Víctor recibiu unha “Homenaxe”, polos cincuenta anos na profesión. (a Borobó non lle gusta “Homaxe”, verba rexeitada polo seu grande amigo Aquilino Iglesia Alvariño, que faleceu uns días antes). Foi moi numerosa a asistencia de persoeiros da medicina e outros eidos. Pero a Borobó, nun “Anaco” parecíalle que fora unha homenaxe excesivamente médico e faltou o aspecto popular dunha persoa que estaba en todo como o primeiro dos veciños, dedicado plenamente a Cesures. D. Víctor, retirado adicouse persoalmente

ao cultivo da fresa e do espárrago, non habitual en Galicia. Faleceu o 2 de abril de 1963, aos 77 anos. Fillo predilecto de Cesures, leva o seu nome o primeiro tramo, empezando dende a ponte, da larga rúa principal . Alí tiña a súa fermosa casa e consulta de pedra, grande, de tres fachadas, dando á rua e ao Ulla, fronte á rampa de D. Víctor. Tamén un bar próximo leva o seu nome. E está na memoria de todos os veciños da comarca, na que lle correspondía atender a sete mil persoas. Máis ás que se engadían : os catorce fillos de Elisa Sierra Domínguez (curmá de meu pai) casada co Alcalde de Padrón, D. Ramón Pazos Ximénez, naceron nas súas mans. E así tantos e tantos outros. D. Víctor García Lozano foi un médico e home excepcional.

## BOROBÓ

E con todos estes antecedentes chegamos a D. Raimundo García Domínguez, Borobó, que nace neste medio de profesionais e empresarios cultos e que, dende moi cedo empezou a dar avisos de que ía ser escritor e xornalista, e que se chamaría Borobó.

Como dixemos naceu o 10 de xullo de 1916, sendo o maior dos oito fillos de D. Víctor García Lozano e Dna. Dolores Domínguez Sierra. Lembremos que os nenos empezan a andar cando fan un ano e a falar cando fan dous. Máis ou menos. Isto ten importancia no caso, xa que o neno ía pasar tempadas cos avós maternos, D. Elisardo e Dna. Manuela, en Caldas no Hotel-Balneario. E parece ser que no verán de 1917 os síntomas maniféstanse. Xa tiña un ano cumprido e andaba. Non falaba, pero farfullaba algo. Decía: “Boroboroboroboro”. Así, todo de seguido. E decindo isto ía con papeis e follas de xornal polo salón do hotel e repartíaos entre a clientela. ¿Pode estar máis craro? Ao primeiro non lle deron importancia; cousas de nenos. O que fallaba era a perspectiva histórica. Pero pasados os anos foi a memoria histórica a que permitiu interpretar aqueles avisos. Vía marcado .

Parece ser que o “Boroboroboro...” estaba tomado de un mendigo que andaba a pedir por Caldas e que non se lle entendía o que decía. O neno tomou o soniquete. E repetíao cando o vía, tanto a el coma a outros mendigos, ou a xente con barba e roupa vella. E tamén cando pasaba por diante do escaparate da “ Xastrería Oubiña”, perto do hotel, que tiña un maniquí moi bigotudo. Suponse que tamén o asociaría a algún vendedor ou repartidor de xornais e por iso él facía a súa interpretación no hotel.

Logo en Cesures, na xastrería “Los Chimpinetes” había un neno maior ca el, Salvador. Non lle sabía dicir o nome e tamén o despachaba co “Boroboroboro...”. ¿Asociación coa xastrería de Caldas?. Non se saberá nunca. Forma parte do misterio. Os do entorno tamén lle decían a él “ Borobó”, que era o que entendía. Así empezou a cousa e así seguimos. Cada un que interprete como queira. Se estiveramos en Norteamérica poderían chegar a montar unha secta arredor do caso.

Pasados uns anos, cando xa sabía ler, facíalle compañía a avoa Dolores García Pertierra (Mamalola) en Cesures, e mentres ela, na súa butaca, lía libros e xornais, el facía o mesmo tirado na alfombra aos seus pés. Lía sen descanso. Da prensa, coa avoa, o “Faro de Vigo”, “ABC”, “Imparcial” e o “Blanco y Negro”. E na súa propia casa “El Pueblo Gallego”, “El Sol” e “La Esfera”. E ademais libros de todo tipo. Está claro que crecía nun ambiente cultural e informado do máximo nivel. Pouca xente habería no país que lera máis prensa ca aquel neno cesureño. E posiblemente vén de aí a súa capacidade para respectar os demais e a ausencia de sectarismo, sen perder as súas propias ideas: tiña un abano de información moi diverso. E como decía D. Pio Baroja, referíndose aos violentos radicais carlistas : “eso se cura viaxando y leyendo”.

## GUERRA E POSTGUERRA.

Logo xa veñen as partes coñecidas da biografía ás que aportaremos algún dato: estudia Filosofía e Letras en Santiago e a Guerra Civil empeza cando está en Santander, cunha bolsa na Universidade de Verán. Lévanos a Madrid e instálanos na Residencia de Estudiantes, a de Lorca, Dalí, Buñuel, etc. Vai estar alí 2-3 meses sendo un dos últimos residentes. Incorporárase ao exército da República na “I Brigada Internacional” a do xeral Kleber, no batallón “Félix Barzana”, nome dun comunista asturiano que morreu en combate na Serra de Madrid. (Alí coñeceu ao meu mestre de Economía Política, D. Jesús Prados Arrarte, persoeiro de vida novelesca). Foi artillero en El Escorial e Comisario de Artillería na batalla de Brunete. Logo foi Comisario de Transporte nun Corpo do Exército, no fronte de Levante. O destino fixo que por razóns do cargo tivera que ir a Madrid os derradeiros días de marzal do 1939. Foi en compañía do pontevedrés Celso García de la Riega, familiar dos Álvarez Blázquez, amigo e compañeiro de todos os avatares da guerra e postguerra, que pasaron xuntos.

Como é sabido o 1º de abril é o do fin da guerra. Día da Victoria ou da Derrota, segundo se mire. Borobó e Celso son detidos en Madrid o 2 de abril. Son internados nun campo de concentración en Carabanchel e logo en Alcalá de Henares. Alí son sometidos a Consello de Guerra pero co destino ao seu favor: o Xuíz Instructor é un xuíz de carreira, o pontevedrés Sr. Artime, parente de D. Estanislao Pérez Artime ilustre camerano-padronés (Tanis, casado con Angelita Rey Baltar), é dos Artime da Colchonería de Santiago, de famosa tertulia. Parece que o Sr. Artime retrasa o asunto para que pase a data do 20 de novembro, aniversario do fusilamento de José Antonio, esperando que baixaran os ánimos exaltados e de represalia dos vencedores. En decembro é o Consello de Guerra, e o Sr. Artime presenta a instrucción do caso de xeito que a causa queda sobreseída, é dicir libres e sen cargos. Isto é o que lle dá unha certa vergoña a Borobó, cando tantos caeron. Pero o certo é que o ir a Madrid salvoulle a vida pola circunstancia de

atopar co xuíz Artime. De seguir en Levante a posible salvación houbera sido marchando ao exilio. Postos en liberdade, volven Celso e Borobó de Alcalá de Henares a Madrid .

Pero Borobó é denunciado por alguén que o recoñece na rúa como Comisario republicán. É detido de novo e ingresa no Batallón de Traballadores, sito no Grupo Escolar Miguel de Unamuno, na que considera que non está mal. Déixano saír e traballa como albanel. Logo a cousa cambia e ingresa no Cárcere de Porlier. Deste cárcere, no elegante barrio de Salamanca, ten un terrible recordo. Amoreábanse 4.000 detidos. Levaban a capela aos que ían executar ao día seguinte, e escoitábanse os lamentos toda a noite. Aínda ten cravados os de unha familia enteira, homes e mulleres. Pasados uns meses Borobó volve saír libre, tendo ao seu favor o sobreseimento anterior e as xestións de amigos e familiares, como a do seu tío Carlos Domínguez Sierra (o sogro do meu irmán, o que quedou co Hotel de Caldas) que falou con algún dos Rivero de Aguilar, daquela moi influíntes, cos que tiña amizade. Tamén contaron moito os “avales”, informes que se solicitaban ao lugar de orixe dos detidos. Eran emitidos polo Alcalde, no seu caso o xefe da Falanxe (frecuentemente a mesma persoa), a Guardia Civil da localidade, etc. Os “avales” remitidos de Cesures foron favorables e Borobó foi definitivamente liberado en marzo do 1940.

Outra vez seu tío, Carlos Domínguez Sierra, que daquela tiña os seus negocios en Zaragoza, entrevistou e deulle o consello de non volver a Cesures por precaución. Que fose con el a Zaragoza, onde sería difícil que o recoñecesen e estaría máis seguro fronte a novas denuncias ou ataques. Foi alá, vivindo con cautelas, e foi en Zaragoza onde coñeceu ao xornalista Manuel Blanco Tobío, pontevedrés de Lérez. Daquela era Alférez Provisional de exercito de Franco, aínda mobilizado. Fixo con el unha amizade fraternal que conservaría toda a vida.

Volveu Borobó a Cesures en xuño de 1940, o día de San Antonio, despois de catro anos fóra da casa e mil peripecias e perigos de todo tipo. Un mes despois, en xullo mandárono a África, a facer o servizo militar en Larache (Marrocos) dous anos e medio, ata novembro de 1942. Non o pasou mal e considera que foi unha grande experiencia, coñecendo a xente interesante de todo tipo e condición . Hai que pararse e pensar: tres anos de guerra e casi un de cárceres. Ademais métenlle dous anos e medio de servizo militar africano e volve dicindo que atopou a xente interesante. ¡O que é boa xente é Borobó! E ten unha actitude positiva asombrosa. En cambio ao amigo Celso fóronlle peor as cousas. Quedou moi contento porque lle tocou Pontevedra e pasou toda clase de problemas: sobrecarga de guardias, persecucións, abusos,...etc.

Terminado o servizo a finais do 1942 volve a Madrid. Afiliado ao PSOE traballa intensamente na clandestinidade. Pero tamén empeza os que el califica de anos de bohemia. Vai moito ao Ateneo, escribe as súas cinco obras de teatro en castelán que seguen sen se estrearen. (Estanse traducindo ao galego na Universidade coruñesa) ¿Verémolas editadas e representadas? Fai algo de xornalismo con Blanco Tobío. Colabora no “El

Español”, “Estafeta literaria”, “Fantasía”, o diario “Madrid” (3ª páxina). Daquela perdía un quilo ao mes e recuperábao cando ía a Cesures. En 1943 colabora co seu tío Carlos, que xa vivía en Madrid, que tiña que facer unha enorme importación de Alemania. Setecentos vagóns de patacas de dez toneladas cada un. Había que trasbordalos en sacos na fronteira francesa polo diferente ancho da vía. Borobó marchou a Port Bou a participar no control da operación.

## RETORNO A GALICIA

O 1 de febreiro de 1946 empeza a saír “ La Noche” en Santiago e Borobó vai e ven dende Madrid xa que colabora dende o principio. Iníciase a parte máis coñecida da súa biografía ao asentarse en Galicia. A partir de este punto outros poden decir moito máis. Vou facer algunhas aportacións para completar a liña anterior de Borobó e o seu entorno.

En 1943 coñecera a Carlota Paz Barreiro, padronesa, que curiosamente lla presenta Manuel Blanco Tobío, paseando polo xardín padronés. Borobó casaría con Carlota no 1948.

Carlota era neta de D. Baltasar Paz Gayoso, de Xermade, perto de Vilalba. Era Secretario Xudicial e acabou destinado en Padrón onde, xa pasados anos de estar, faleceu na gripe de 1918. A familia, nove fillos, quedaron arraigados na vila. Un deles, D. Eduardo Paz Lamas, mestre é o pai de Carlota. Outro irmán D. Manuel Paz Lamas, tamén Secretario Xudicial, foi destinado a Rianxo. Por esta razón Carlota sempre ía nos veráns a Rianxo, á casa do tío, e tiña amizade coas irmás de Castelao. A nai de Carlota foi Emérita Barreiro Vidal, de familia da Mahía que tiñan a Confeitaria Barreiro en Padrón. Eran do partido de D. Ramón Toxo e o pai de Castelao, nos debates políticos da zona.

Xa casada con Borobó seguen a ir a pasar o verán a Rianxo, por varios anos, na casa da “ Chucha”. Logo irán á Illa de Arousa, e máis tarde a Barraña. Finalmente estableceranse en Trevonzos, fronte a Rianxo, pero pertencente a Boiro, que segundo dixo Álvaro Paradela podería chamarse Boiobó. Sempre movéndose na zona da Constelación.

Lémbrome de neno de Borobó e meu pai falando en Rianxo, e logo meu pai, preguntado, dicía que era un xornalista moi importante. Tamén Borobó ás veces ía e viña co meu pai a Santiago. Eu empecei a segui-lo en “ La Noche” e comprendín que un xornalista podía ser algo distinto da idea que eu tiña da profesión, tirada do gran redactor de sucesos Xesús Alvite. Aparecía cando nos xuntabamos por algún accidente. Sacaba uns papeliños do peto, tomaba unhas notas, e ao día seguinte aquilo saía no xornal. Borobó falaba doutras cousas, que eu moitas veces non entendía.

Pasados os anos, sendo Borobó Director de “El Correo Gallego” e “La Noche” prodúcese un xiro inesperado. Novos accionistas que entran na Editorial Compostela formulan cambios na dirección e pónse en cuestión mesmo a retribución. Empezan os problemas dos novos ventos e o asunto acaba nos tribunais. O pleito vese na Coruña e as cousas que pasan. ¡O Maxistrado ponente é o Xuíz Artime! A sentenza dálle toda a razón a Borobó. Pero logo, Maxistrados do Tribunal Supremo, supoño que menos sabios que o Maxistrado Artime, quítanlla en parte. Unha das cousas máis penosas da vida e ter que loitar pola evidencia. A situación é tensa. Sae incluso a relucir a roxería de Borobó.

O asunto resólvese coa marcha de Borobó. Vai a Madrid e empeza nova vida : o xornal económico “3 E”, a revista “ Chan”, co seu cuñado o importante empresario Ceferino Nogueira, a colaboración de D. Ánxelo Novo en “ Arriba”, Axencia EFE,... evolución toda coñecida. Non moito despois, “La Noche” é suprimida para quedar soio “ El Correo Gallego”.

Esto pecha unha longa etapa de xornalismo culto na que Borobó foi mentor da que se deu en chamar “A xeración de La Noche”, na primeira etapa xunto co gran director Goñi e logo xa dirixindo el mesmo. A xeración pode chegar a un centenar. Os xa consagrados: Alonso Montero, Manoel María, Novoneyra, Bonet Correa, Xosé Ruibal, Vazquéz Santamaría,...E os novos valores: Rodríguez Mourullo, Xosé Manuel Beiras, Franco Grande, Ramón Lugrís, Mendez Ferrín, Carlos Casares, López Casanova, López Nogueira, Xavier Carro, García Bodaño, Baldomero Cores, Diego Bernal, Olano, Otero Guldrís, Ramón Lourenzo, Blanco Losada, Cortezón, Barreiro (de Ferrol), Albino Mayo, Abuín da Tembra, etc. Mención especial dentro dos veteranos para Antonio Rodríguez Cadarso, fillo do famoso Rector, espléndido colaborador, de grande cultura, ao que lle pedían reportaxes especiais e sorprendía aos médicos visitantes co alto nivel das entrevistas que lles facía. E para Fernando Martínez de la Riva, o sorprendente, culto e imaxinativo Nacho la Riva (seudónimos : Diego Vilar e Aviraldos). Os dous colaboradores habituais e gratuitos daquela grande experiencia dun periodico culto da tarde, en tempos moi complicados. Tamén lembrar a Maximino Castiñeiras o “Rapsoda da Mahia”, a Celestino Luis Crespo o inventor da teoría do empalme e ó singular Joaquín Mejuto, tres constantes amigos de Borobó.

## ¿ UN SANTO LAICO ?

Pois en Madrid segue agora Borobó coa súa dona Carlota, que en alerta constante dá o puntual apoio a este singular escritor. Está en todos os actos de Borobó, a discreta distancia, a mirada viva e o sorriso nos beizos, pendente de todo. Teñen cinco fillos: Carlota, Margarita, Raimundo, Beatriz e Paola García Paz. E ademais tres netos. Borobó segue traballando sen pausa e viaxan con frecuencia a Galicia, pasando o verán e outras tempadas

en Trevonzos. “Escollín Trevonzos / para ollar Rianxo”, di nun poema. Sempre na Constelación.

Co repaso familiar que fixemos, podería advertir o lector que os pseudónimos e heterónimos de Borobó teñen apoio en nomes da familia, excepto Uriel, que é un Anxo da liturxia oriental, citado nas Escrituras Apócrifas. Segundo San Ambrosio é un Arcanxo. ¿Por qué escolle este nome? ¿Será un novo sinal como aquel que deu no hotel cando repartía papeis e dicía “Boroboroboro...? Emilio Lavandeira, que ten moitas relacións co clero clásico, de sotana, di dende hai moitos anos que Borobó é un santo

Pode ser así e tendo en conta as virtudes persoais de Borobó consideraríamos que se trata dun santo laico. Eu escoitei este calificativo aplicado a cidadáns mal vistos pola ortodoxia tradicional conservadora : republicáns, masóns, marxistas, librepensadores, ateos ou agnósticos, krausistas, roxos... etc., cando estaban provistos dunha ética estricta. Esa ética dáse en Borobó, acompañada dunha bondade inquebrantable que o leva a sentir pudor por non ter sido fusilado, a voltar contento de África, a apreciar virtudes na maioría das persoas, a buscarlle disculpas aos que lle fan falcatruadas. E a non falar mal de ninguén. Por eso dixen que en Borobó ten tanto interés o que di como o que cala. Poderíase facer unha antoloxía dos seus silencios. Esa actitude súa é a que lle permite inspirar confianza e ser apreciado por todos, que recoñecemos e el unha ética e equilibrio vital insuperables.

Por outra banda esta posible santidade parece estar confirmada polas autoridades competentes, e admitida implicitamente, na persoa do seu neto “Carlos Borobó”, inscrito así no Bautismo e no Rexistro. As dúbidas dos responsables da inscrición foron superadas co argumento contundente de que “Borobó” é o nome do seu avó. E logo os nomes, ¿non saen do santoral?. Pois xa está. Que o disfrute moitos anos, así coma os outros netos, Guillerme, Beatriz e os que veñan. E nós con él.

PD. Peticións : Edición das obras completas de Borobó. Chamar a atención das xentes do teatro sobre esas cinco comedias sen estrear. Que na nova Cidade da Cultura de Santiago se reserve un espacio, rúa ou edificio, para que leve o seu nome. E que se lle dean moitos recoñecementos a este fillo de D. Víctor, que seguindo o modelo do seu pai, foi facendo o ben por onde pasou. Sempre ao servizo da sociedade e da cultura. Tal como se mantén hoxendía.